

XUNTA DE GOBERNO**Sesión do día 12 de agosto de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día doce de agosto do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e Dna. María Ortega Iñarrea co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal., e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asisten as deputadas *Dna. Iria Lamas Salgueiro e Dna. Ana María Mejías Sacaluga*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32043.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de agosto 2022.

2.32044.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2022004134)

A Deputación de Pontevedra, na Xunta de Goberno do 25 de marzo de 2022, aprobou as bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes polo Servizo de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación (CSV: M1BVVGMZG3BIG5KT), por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 22/332.3322.789.01 do Orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a proposta de concesión de subvencións ás 21 solicitudes que figuran na relación co CSV: 0RP96H9JXD0S5KO, informada pola Intervención.



Así mesmo, e de acordo coa base décimo quinta “Publicidade” das citadas bases, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión destas subvencións no BOPPO e na súa paxina web, e remitiralla á BDNS.

3.32045.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN SAN XURXO, PICOÑA, ENTENZA, PARDERRUBLAS E BUDIÑO” (Expte.2022010778)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das *Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023*, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta



cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Salceda de Caselas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 115.625,43 €, con destino ao financiamento “*Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño*”, cun orzamento por importe de 115.625,43 €, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022 | 69.375,26 | 69.375,26 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 46.250,17 | 46.250,17 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | 115.625,43 | 115.625,43 | 0,00 | 0,00 |

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 2.843,25 €.

En datas posteriores o Concello emenda as deficiencias observadas na documentación aportada inicialmente dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 30/06/2022.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 30/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/07/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/08/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas* CIF P3604900E a cantidade de 115.625,43 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de camiños municipais en San Xurxo, Picoña, Entenza, Parderrubias e Budiño*” (Expte.2022010778) cun orzamento polo importe de 115.625,43 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022 | 69.375,26 | 69.375,26 | 0,00 | 0,00 |
| 2023 | 46.250,17 | 46.250,17 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | 115.625,43 | 115.625,43 | 0,00 | 0,00 |

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto por importe de 2.843,25 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.



- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Salceda de Caselas deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32046.- AUTORIZAR PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE NICHOS, COLUMBARIOS E CINCEIROS NO CEMITERIO DE BUEU”, DO CONCELLO DE BUEU INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2021 (Expte.2021015761)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.



A base décimo novena das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021 lexítima que o *Concello* poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación do investimento.

Ao *Concello de Buen* se lle concedeu unha subvención de 97.990,82 € mediante acordo número 19.30516 da Xunta de Goberno de data 02/07/2021, para o investimento “*PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE NICHOS, COLUMBARIOS E CINCEIROS NO CEMITERIO DE BUEU*”, expediente 2021015761, a cargo do PLAN CONCELLOS 2021, dentro da Liña 1.

A subvención foi publicada no BOPP nº 126 de data 05/07/2021.

En data 30/06/2022, mediante rexistro 2022016668, o *Concello de Buen* aporta documentación relativo ao investimento “*PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE NICHOS, COLUMBARIOS E CINCEIROS NO CEMITERIO DE BUEU*” da que se deduce unha adxudicación por un importe de 84.144,72 €, xerándose unha baixa teórica de adxudicación a favor do *Concello* de 13.846,10€.

Neste contexto, o *Concello* solicita a disposición do crédito da baixa teórica de adxudicación da actuación “*PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE NICHOS, COLUMBARIOS E CINCEIROS NO CEMITERIO DE BUEU*” que importa 13.846,10 € para financiar unha nova actuación.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de resolución para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Autorización de reinvestimento de baixas:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. A baixa poderase aplicar no mesmo investimento, con independencia do seu importe ou reinvertirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobrante debe ser igual ou superior a 6.000,00 €. Asemade, o Concello poderá solicitar a acumulación das baixas superiores a 6.000,00 € obtidas nun exercicio para a súa aplicación no investimento que estime pertinente.
- Apartado Primeiro da Base Reguladora 19ª do PLAN CONCELLOS 2021, que permite o reinvestimento das baixas teóricas previo compromiso expreso de financiar con fondos propios do concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.
- Base 16ª da Execución do Orzamento Provincial que lle atribúe competencia á Xunta de Goberno ao estar asignado o crédito na concesión da subvención

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 12/07/2020, e o informe favorable da



intervención provincial de data 08/08/2021, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2021 que importa 13.846,10 € procedente da baixa de adxudicación do investimento “*Proxecto de ampliación de nichos, columbarios e cinceiros no cemiterio de Buen*” (Expte. 2021015761), a fin de que o *Concello* poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Buen*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.32047.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL RECOLLIDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 4.31960 DE DATA 15/07/2022 POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE DOZÓN, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022/2023) UNHA SUBVENCIÓN, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA O NOVO VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE DOZÓN”. (Expte. 2022011580)

Único.- No marco do Plan Concellos 2022-2023, na Liña 1, concedéuselle ao Concello de Dozón por acordo nº 4.31960 da Xunta de Goberno de data 15/07/2022 unha subvención por importe de 60.000,00 € para o investimento denominado “*Construcción de nave para o novo viveiro industrial de Dozón*”, expediente 2022011580, cando o importe correcto é de 60.000,02 €. Porén, no mencionado acordo, a parte dispositiva, deslízouse un erro material e onde figura o importe de 60.000,00 € ha de entenderse que é 60.000,02 €.

Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento Provincial
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Consideracións xurídicas de procedemento:

- O artigo 34 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, dispón que os actos administrativos que diten as administracións públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido. Ase mesmo, que o contido dos actos se axustará ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e axeitado aos fins de aqueles.
- O artigo 109 apartado segundo do mesmo texto normativo sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Ao abeiro dos artigos citados, procede corrixir o erro material advertido no Acordo nº 4.31960 de data 15/07/2022, no que atinxe á parte dispositiva, de modo que onde consta por erro, o importe da subvención concedida de 60.000,00 € ha de figurar e constar a todos os efectos o de 60.000,02€.

De acordo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar por erro material o acordo da Xunta de Goberno número 4.31960 de data 15/07/2022, no que se concedía ao *Concello de Dozón* unha subvención co obxecto do financiamento do investimento “*Construción de nave para o novo viveiro industrial de empresas no polígono industrial de Dozón*” (Expte. 2022011580), e onde consta na parte dispositiva a cantidade concedida como subvención de 60.000,00 €, ha de constar a correcta de 60.000,02€, a todos os efectos legais.
- Manter inalterable o resto do contido do acordo arriba referido de concesión de subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Dozón*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.32048.- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1 E 3, E DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 2, DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN”, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN, E “COMERCE INSIDE”, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU. (Expte. 2022029400)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 03 de xuño de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “*Da Túa Man*” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte. 2022029400), cos seguintes lotes:

| Número | Denominación |
|--------|-----------------------|
| 1 | Zonas de descanso |
| 2 | Illas Ecolóxicas |
| 3 | Sinaléctica Integrada |

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 03 de xuño de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste acordo marco.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra (Vortal). A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de xuño de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes, non habendo empresas inadmitidas:

| CIF | Empresa | Lotes aos que se presenta |
|------------|-----------------|---------------------------|
| B 25335332 | Alqui-Envas, SL | 1 e 3 |



Seguidamente, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, aportada pola empresa que concorre neste procedemento aberto, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da mesa de contratación con (CSV: ATXFKA8ULSVAN8K7).

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, observase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332) presenta valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo unitario ofertado no Lote 1. Zonas de descanso verdes, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, conxuntamente os servizos de Turismo Rías Baixas e Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, mediante informe de data 08 de xullo de 2022 (CSV: V49QEEURWYIKEJIL), consideran que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, as puntuacións acadadas pola empresa licitante en cada un dos lotes, son as seguintes:

LOTE 1

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | ALQUI - ENVAS (NIF: B 25335332) |
|--|------------------------------------|
| 1. Menor prezo unitario ofertado (sen IVE), <i>Ata un máximo de 70 puntos.</i> | 70,00 |
| 2.Redución no prazo de entrega. <i>Ata un máximo de 30 puntos.</i> | 15,00 |
| PUNTUACION SOBRE B | 85,00 |
| PUNTUACION TOTAL | 85,00 |

LOTE 3

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | ALQUI - ENVAS (NIF: B 25335332) |
|--|------------------------------------|
| 1. Menor prezo unitario ofertado (sen IVE), <i>Ata un máximo de 70 puntos.</i> | 44,50 |
| 2.Redución no prazo de entrega. <i>Ata un máximo de 30 puntos.</i> | 15,00 |
| PUNTUACION SOBRE B | 59,50 |
| PUNTUACION TOTAL | 59,50 |



En base ás puntuacións obtidas pola empresa licitante nos lotes 1 e 3, a Mesa de Contratación na reunión celebrada o 21 de xullo de 2022 acorda aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas nos lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte. 2022029400), que queda da seguinte forma:

Lote 1

| POSICIÓN | LICITADOR | SOBRE “B” | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---------------------------------|-----------|------------------|
| 1ª | ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332) | 85,00 | 85,00 |

Lote 3

| POSICIÓN | LICITADOR | SOBRE “B” | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---------------------------------|-----------|------------------|
| 1ª | ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332) | 59,50 | 59,50 |

De igual forma, a Mesa de Contratación acorda propoñer ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a declaración de deserto o Lote 2 do procedemento e a adxudicación dos lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.-2022029400)” á empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* polos prezos unitarios e valores ofertados, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público tal e como consta no certificado da Mesa de Contratación (CSV: DWEJ94HBA18V1Y0K).

O persoal técnico do servizo de Contratación, con data 21 de xullo de 2022 comproba que a empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, e que, consultadas por medio da plataforma de intermediación de datos a información relativa a que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa seguridade social (CSV:D6X662DE7VH9DQH8), que se atopa tamén ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias (CSV: DZXPKCBPQWNQCCHL) e coa alta no epígrafe do IAE correspondente ao obxecto do contrato (CSV: DH8CGBLUJW93WWS6). Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.



Mediante Resolución Presidencial número 2022005438 de data 22 de xullo de 2022, notificouse á empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibiran o requirimento presentaran a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Dentro do prazo establecido, a empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* presentou a documentación requirida na Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (REXWEB2022039048), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas e técnicas e na Resolución Presidencial de requirimento, quedando por tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva correspondente ao Lote 1 por importe de 9.951,05€ (carta de pago nº 202200159057, de 03/08/2022) e do Lote 3 por importe de 4.888,00€ (carta de pago nº 202200160139, de 04/08/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o Lote 2 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte. 2022029400), por non existir ofertas de empresas interesadas na adxudicación do referido Lote.

2.- Adxudicar os Lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a adxudicación, mediante procedemento aberto trámite de urxencia, da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas



comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400),” á empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* polos seguintes prezos unitarios e valores ofertados:

| Lote 1. Zonas de descanso | | | | | |
|---|----------|-------------------------|---------------------|--------------------|------------------------|
| Proxecto | Unidades | Prezo Unitario ofertado | Importe Total | IVE | Importe Total Ofertado |
| Commerce Inside: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos e iluminación | 30 | 2.632,00 € | 78.960,00 € | 16.581,60 € | 95.541,60 € |
| Commerce Inside: Xardineiras e ornamentación | 30 | 818,00 € | 24.540,00 € | 5.153,40 € | 29.693,40 € |
| Da túa Man: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos, iluminación e xardineiras | 21 | 3.419,00 € | 71.799,00 € | 15.077,79 € | 86.876,79 € |
| Da túa Man: Xardineiras e ornamentación | 29 | 818,00 € | 23.722,00 € | 4.981,62 € | 28.703,62 € |
| IMPORTE TOTAL LOTE | | | 199.021,00 € | 41.794,41 € | 240.815,41 € |

| Lote 3. Sinaléctica Integrada | | | | | |
|--|----------|-------------------------|--------------------|--------------------|------------------------|
| Proxecto | Unidades | Prezo Unitario ofertado | Importe Total | IVE | Importe Total Ofertado |
| Commerce Inside: Sinaléctica Integrada | 12 | 3.055,00 € | 36.660,00 € | 7.698,60 € | 44.358,60 € |
| Da túa Man: Sinaléctica Integrada | 20 | 3.055,00 € | 61.100,00 € | 12.831,00 € | 73.931,00 € |
| IMPORTE TOTAL LOTE | | | 97.760,00 € | 20.529,60 € | 118.289,60 € |

A totalidade dos elementos obxecto do contrato ofertados (lotes 1 e 3) subministraranse nun prazo máximo de 60 días desde a notificación da solicitude realizada pola Deputación de Pontevedra.

- O contrato terá un prazo de execución de 4 meses contados a partir da formalización do contrato de cada un dos Lotes e, en todo caso, antes do 10 de decembro de 2022.
- As obrigas derivadas do presente contrato, financiaranse con cargo ás aplicación orzamentarias dos proxectos “Comerce Inside” e “Da Túa Man” do vixente orzamento provincial considerando o ámbito de actuación dos proxectos e conforme ao seguinte:

| Anualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|------------------------------|---|------------------------|
| 2022 Proxecto Comerce Inside | 22/433.4314.652.99 Investimentos para concellos_UE_Turismo (Prox. 92210001 Comerce Inside) ou na súa vinculación xurídica | 406.076,00€ |
| 2022 Proxecto da túa Man | 22/240.4314.652.99 Investimentos para concellos_UE_Promoción de Emprego (Prox. 92210002 Da Túa Man) | 415.756,00€ |



- Tempo e lugar de entrega:

Os elementos obxecto do contrato deberán subministrarse e instalarse nas localizacións indicadas no PPT no prazo máximo de 60 días contados desde a notificación da solicitude de pedido realizada por parte da Deputación de Pontevedra.

Coa entrega de cada un dos pedidos realizados asinarase entre as persoas representantes da Deputación de Pontevedra e da empresa adxudicataria unha ACTA DE ENTREGA (*Anexo VII* do prego de cláusulas administrativas) na que quedarán reflectidos os seguintes conceptos: Asistentes, Lote, Tipo de subministración, nº de unidades, concello) lugar e data de entrega.

- Réxime de pagamento:

Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas en función das subministracións realizadas polo que, o pago realizarase fraccionado en función das mesmas.

A/as empresa/s adxudicataria/s presentarán unha factura por cada solicitude de pedido que irá acompañada pola correspondente acta de entrega.

As facturas deberán conformarse pola persoa responsable do contrato en cada caso.

- Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

- Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Nas correspondentes ás subministracións que se realicen dentro do marco do proxecto “Da Túa Man” (Concellos de: A Cañiza, Gondomar, Moaña, Meaño, Ponte Caldelas, O Rosal, Silleda, Salceda de Caselas, Tomiño, Poio e Ribadumia), indicaranse os seguintes datos:

Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | Nº de exp.: | 2022029400 | | |
| Órgano xestor: | LA0007802 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |



Nas correspondentes ás subministracións que se realicen dentro do marco do proxecto “Commerce Inside” (Baiona, A Guarda, Bueu, Tui, Soutomaior, Caldas de Reis, Nigrán, Sanxenxo, Cambados e O Grove), indicaranse os seguintes datos:

Servizo de Turismo Rías Baixas:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | Nº de exp.: | 2022029400 | | |
| Órgano xestor: | LA0006122 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

- Responsable do contrato: Ruth González Reyes, xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, para as subministracións realizadas con cargo ao proxecto “Commerce Inside”, e Manuel Corujo Castro, xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, para as realizadas ao abeiro do proxecto “Da Túa Man”.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato (para cada lote) en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

7.32049.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0407 BORELA-PONTE CALDELAS, ENTRE O P.Q. 8+775 E O P.Q. 9+000 (CONCELLO DE PONTE CALDELAS)” (Expte. 2022015054)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP-0407 Borela – Ponte Caldelas que descorre polo *Concello de Ponte Caldelas* e que ten unha lonxitude de 9.000 m.

Resultando.- Que debido ao mal estado da Rúa Lepanto pertencente a estrada EP-0407 e velando pola seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, a Deputación de Pontevedra e o Concello De Ponte Caldelas asinaron na data 18/02/2022 o convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” cun importe de 255.624,00 €.

Resultando.- Que recolle o convenio que o investimento necesario para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Ponte Caldelas segundo o seguinte detalle:

| | Achega | % |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 178.936,80 € | 70 |
| Concello Ponte Caldelas | 76.687,20 € | 30 |
| TOTAL INVESTIMENTO | 255.624,00 € | 100 |

Resultando.- Que o convenio establece que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación, providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, dispoñendo que se levan a cabo os trámites necesario para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara antes da licitación o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyectegal, Sergio Daniel Orosa López, o proxecto para a execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*”, cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7GQ2GBID57FQLBFV.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse o documento RC con número de operación 2022003716 por importe de 178.936,80 € e o documento RC número 202200064717 por importe de 76.687,20 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 20220022669 de data 19/04/2022 aprobouse o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyectegal, D. Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 7GQ2GBID57FQLBFV.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 03/06/2022 acordou, entre outros, aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” cun orzamento base de licitación de 255.624,00 € IVE.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de 30/06/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que con data 08/07/2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

| Licitadores | Memoria e programa de traballo | Plan de actuacións medioambientais | Puntuación sobre "A" |
|--|--------------------------------|------------------------------------|----------------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. | 18,00 | 2,00 | 20,00 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 12,00 | 3,00 | 15,00 |
| ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L. | 12,00 | 2,00 | 14,00 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 14,00 | 2,00 | 16,00 |
| NAROM, S.L. | 18,00 | 3,00 | 21,00 |
| CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 22,00 | 3,00 | 25,00 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 18,00 | 3,00 | 21,00 |

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/07/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 08/07/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

| Licitadores | Sobre “B” | | | | |
|--|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
| | Oferta económica | Control calidade | Prazo de garantía | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 197.316,38 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 195.922,06 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 194.200,00 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 192.563,04 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| NAROM, S.L. | 195.731,93 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 209.590,56 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 193.006,68 € | 3% | 36 MESES | SI | SI |



Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

| Licitadores | Sobre "B" | | | | Puntuación sobre "B" |
|--|----------------------|-------------------|------------------|----------------------|----------------------|
| | Valoración económica | Prazo de garantía | Control calidade | UN-EN ISO 9001/14001 | |
| CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 21,96 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 36,96 |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 24,11 | 5,00 | 5,00 | 0,00 | 34,11 |
| ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 26,74 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 41,74 |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 29,25 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 44,25 |
| NAROM, S.L. | 24,40 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 39,40 |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 2,63 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 17,63 |
| CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 28,57 | 5,00 | 5,00 | 5,00 | 43,57 |



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra “obras Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADORES | PUNTUACIÓN SOBRE "A" | PUNTUACION SOBRE "B" | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|--|----------------------|----------------------|------------------|
| 1 | CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. | 21,00 | 43,57 | 64,57 |
| 2 | NAROM, S.L. | 21,00 | 39,40 | 60,40 |
| 3 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 16,00 | 44,25 | 60,25 |
| 4 | CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L. | 20,00 | 36,96 | 56,96 |
| 5 | ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 14,00 | 41,74 | 55,74 |
| 6 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 15,00 | 34,11 | 49,11 |
| 7 | CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. | 25,00 | 17,63 | 42,63 |
| 11 | ARINES PROYECTOS Y OBRAS, S.L. | 20,00 | 18,45 | 38,45 |



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *“obras Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)”* á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 9.650,33 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 29/07/2022 con número de operación 202200156957.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa *Construcciones y Obras Taboada Y Ramos S.L.*, (CIF:B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*” por un importe de 233.538,08 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|--------------|
| Importe ofertado | 193.006,68 € |
| IVE (21%) | 40.531,40 € |
| Importe Total..... | 233.538,08 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D.Francisco Alonso Fernández.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/45.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022015054.



8.32050.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE COS EXPEDIENTE FEDER EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDEREELL- 2020-004530 E FEDER-EELL-2020-004626 DEL I.D.A.E. FINANCIADOS NUN 80% POLO FEDER A TRAVÉS DO P.O.C.S. 2014-2020 (Expte. 2022044656)

Con data 27/07/2022 a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

| Lote | Denominación do lote | Número proxecto IDAE | Proxectos actuacións |
|------|----------------------------------|------------------------|--|
| 1 | Iluminación exterior sostible V | FEDER-EELL-2020-004168 | Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis |
| 2 | Iluminación exterior sostible VI | FEDER-EELL-2020-004561 | Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda |



| | | | |
|---|--------------------------------------|------------------------|--|
| 3 | Iluminación exterior sostenible VII | FEDER-EELL-2020-004515 | <p>Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín</p> <p>Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño</p> <p>Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis</p> <p>Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario</p> |
| 4 | Iluminación exterior sostenible VIII | FEDER-EELL-2020-004530 | <p>Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz</p> <p>Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña</p> <p>Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos</p> <p>Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio</p> <p>Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas</p> |
| 5 | Iluminación exterior sostenible IX | FEDER-EELL-2020-004626 | <p>Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas</p> <p>Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga</p> <p>Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa</p> <p>Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa</p> |

Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de Economía Baixa en Carbono para entidades locais do IDAE (Ministerio para a Transición Ecolóxica) os proxectos detallados anteriormente.

Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación exterior dos concellos mencionados co fin de reducir a demanda enerxética e, polo tanto, o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución das lámpadas actuais de baixa eficacia por luminarias LED, de acordo con o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o RD 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.

Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións de iluminación que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións de iluminación máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; o alto volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE. A realización dos traballos e o despacho dos mesmos nun tempo adecuado require de varios equipos con persoal formado e experiencia no ámbito de instalacións de iluminación con tecnoloxía LED.

Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Alberto Isidoro Ochando Ramírez (Nº de colexiado COITIG1542) da empresa Letter Ingenieros SL, adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE NÚMERO FEDER EELL2020004168, FEDER EELL2020004561, FEDER EELL2020004515, FEDER EELL2020004530 E FEDER EELL2020004626 sendo ditos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno na sesión do día 5 de agosto de 2022 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Nas aplicacións 22/942.1650.652.15 e 22/942.1650.652.15.2021 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, segundo se acredita mediante os correspondentes documentos de retención de crédito que constan no expediente.

Na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato cualifícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo esta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas así mesmo as actas de replanteo previo asinadas con data 05/08/2022.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 1 de agosto do 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto o informe da Secretaría Xeral, de data 5 de agosto do 2022, e as observacións contidas no mesmo e vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, polos servizos de Cooperación e de Contratación, reflectidas no informe do Servizo de cooperación de data 08/08/2022 e no prego de cláusulas económico-administrativas.

Visto que con data 8 de agosto de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto o informe emitido pola Intervención polo que se informa favorablemente o expediente coa seguinte advertencia “*Considerando a porcentaxe de cofinanciamento da contratación proposta con fondos europeos (80%) e os prazos de formalización dos contratos esixidos para os distintos lotes, advírtese do risco de incumprimento, polo que con carácter previo á adxudicación e/ou formalización dos distintos lotes, deberase verificar o cumprimento dos prazos, a efectos de desistir da adxudicación ou da formalización dos contratos naqueles supostos nos que se incumpra o prazo esixido pola resolución de concesión de cada lote.*”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da Renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020 que comprende as seguintes actuacións:

| Lote | Denominación do lote | Número proxecto IDAE | Proxectos actuacións |
|------|---------------------------------|------------------------|--|
| 1 | Iluminación exterior sostible V | FEDER-EELL-2020-004168 | Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis |



| | | | |
|---|--------------------------------------|------------------------|--|
| 2 | Iluminación exterior sostenible VI | FEDER-EELL-2020-004561 | <p>Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados</p> <p>Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente</p> <p>Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei</p> <p>Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove</p> <p>Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda</p> |
| 3 | Iluminación exterior sostenible VII | FEDER-EELL-2020-004515 | <p>Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín</p> <p>Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meañó</p> <p>Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis</p> <p>Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario</p> |
| 4 | Iluminación exterior sostenible VIII | FEDER-EELL-2020-004530 | <p>Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz</p> <p>Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña</p> <p>Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos</p> <p>Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio</p> <p>Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas</p> |
| 5 | Iluminación exterior sostenible IX | FEDER-EELL-2020-004626 | <p>Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas</p> <p>Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga</p> <p>Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa</p> <p>Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa</p> |



2.- Autorizar o gasto por importe de 4.011.764,54 € con cargo as aplicacións orzamentarias 22/942.1650.652.15 e 22/942.1650.652.15.2021 do vixente orzamento provincial.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 08BHVTC1B2O203CR) que rexerá dita contratación e os pregos de prescricións técnicas que se detallan a continuación:

| LOTE 1.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V (Concellos: Agolada, Baiona, Barro, Bueu e Caldas de Reis) | | |
|--|---|-------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (IVE incluído) | CSV |
| Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Agolada | 186.477,65 € | I841ZV73LM1F3ZT8 |
| Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Baiona | 177.368,14 € | JLAW6T3GWRF AJ3AK |
| Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Barro | 178.794,38 € | JDG1514BLU45QXH8 |
| Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Bueu | 156.003,75 € | L91YRLHV2GGV8GHV |
| Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Caldas de Reis | 213.516,10 € | JUKGGMKCLNHR86IP |
| TOTAL | 912.160,02 € | |

| LOTE 2.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VI (Concellos de Cambados, Crecente, Forcarei, O Grove e A Guarda) | | |
|--|---|------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (IVE incluído) | CSV |
| Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cambados | 235.120,57 € | U58M02JFO6JOALON |
| Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Crecente | 169.255,55 € | TAL6RCB9YZE6DSZC |
| Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Forcarei | 177.054,96 € | TDAXNI76LVBFWENP |
| Proxecto 2.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de O Grove | 258.837,30 € | T4OJ8DVNWQHUXT03 |
| Proxecto 2.5 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de A Guarda | 44.142,72 € | UOYY42AAW6WCQ1D2 |
| TOTAL | 884.411,10 € | |



| LOTE 3.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII (Concellos de Marín, Meaño, Mes e Mondariz Balneario) | | |
|--|---|------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (IVE incluído) | CSV |
| Proxecto 3.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Marín | 194.775,18 € | T538GFCEBP76TQFX |
| Proxecto 3.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meaño | 192.171,29 € | U6C0JPRG2NU7SHWD |
| Proxecto 3.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Meis | 185.470,95 € | U43XVLC9UQN94SOV |
| Proxecto 3.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz Balneario | 140.147,49 € | UG8HMXI6ZQVPFQTH |
| TOTAL | 712.564,91 € | |

| LOTE 4.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII (Concellos de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas) | | |
|--|---|-------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (IVE incluído) | CSV |
| Proxecto 4.1 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mondariz | 130.801,44 € | UPWQ3SFS3LOHZQGH |
| Proxecto 4.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Moraña | 124.263,77 € | U8M37T6NAK14F65W |
| Proxecto 4.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Mos | 88.469,79 € | UUVLN1QWYFTN60DB |
| Proxecto 4.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Poio | 176.386,02 € | U4Q2PAHMHVHU5TA9F |
| Proxecto 4.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior en el Concello de Ponte Caldelas | 175.166,05 € | UKESSUGWGBHGFNV2 |
| TOTAL | 695.087,07 € | |



| LOTE 5.- ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE IX (Concellos de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa) | | |
|--|---|------------------|
| PROXECTO | Orzamento base de licitación (IVE incluído) | CSV |
| Proxecto 5.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Portas | 266.949,22 € | UIMYTO4EL4E5KBAP |
| Proxecto 5.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Valga | 143.803,42 € | UH00Z9UKDXE4L4MR |
| Proxecto 5.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilanova de Arousa | 197.402,98 € | UZPD3AKFLXRR1LC6 |
| Proxecto 5.4 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Vilagarcía de Arousa | 199.385,82 € | UYAOV83P6Y1G5OXC |

4.- Nomear responsable do contrato ao Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adjudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

9.32051.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS- PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)” (Expte. 2022045199)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre polo Concello de Mos e que ten unha lonxitude total de 5.665 m.

Resultando.- Que a EP-2601 que conecta Mos con Puxeiros é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600 atópanse na súa marxe esquerda o acceso o paseo fluvial e o parque infantil e a marxe dereita a Igrexa de Santa Eulalia, o acceso o albergue de peregrinos, o aparcamento e o parque de Pazo de Mos. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no entorno do treito estudado e a maiores que por el discorre o



camiño de Santiago portugués, trátase dunha zona moi concorrida a nivel peonil, e que na actualidade se mostra insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.

Resultando.- Que na súa consecuencia, a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Mos*, formalizaron na data 28/06/2022 o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”, por importe de 446.545,39 €.

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o *Concello de Mos* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

| | Achega | % |
|-----------------------|--------------|-----|
| Deputación Pontevedra | 312.581,77 € | 70 |
| Concello de Mos | 133.963,62 € | 30 |
| TOTAL INVESTIMENTO | 446.545,39 € | 100 |

Resultando.- Correspóndelle á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, cun orzamento base de licitación de 446.545,39 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): ZZ9UIMVS3OR4FIOT.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse o documento RC número 202200068994 por importe de 446.545,39 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 08/08/2022 emitiu informe a Intervención, recollendo o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente.*”



Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Que o artigo 235 do mesmo texto legal, recolle que para contratos de obras cun orzamento base de licitación inferior a 500.000 € o informe de supervisión será facultativo, salvo que se trate de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, redactado pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, S.L cun orzamento base de licitación de 446.545,39 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): ZZ9UIMVS3OR4FIOT.

10.32052.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACION LUIS TILVE DO CONCELLO DE VIGO, PARA A “EDICIÓN, IMPRESIÓN E DIFUSIÓN DA OBRA DA TERRA ESPOLIADA. O PRIMEIRO FRANQUISMO...” DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 01/07/2022 (Expte.2022028201)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de data 01/07/2020 unha subvención a favor da *Fundacion Luis Tilve* do concello de Pontevedra, con CIF: G-15169949, por un importe de 1.857,78 €, para a “*Edición, impresión e difusión da obra Da terra espoliada. o primeiro franquismo...*” con cargo á aplicación 22/334.3340.489.05, e recibido escrito WEB 2022041847, con data 27/07/2022 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, dacordo co art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



11.32053.- REPARTO DE AXUDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2022 (Expte. 2022004412)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 25 de marzo de 2022, número de acordo 6.31495, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Cooperativas Agrogandeiras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 70 do 11 de abril de 2022.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes sexa subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): MJJ2UZWJWX4OYMKS, formuláronse dezasete solicitudes.

Examinadas e valoradas a totalidade das solicitudes, compróbase que que algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables, polo que, procédese ao axuste dos importes para adecualos aos requisitos esixidos na convocatoria para as citadas axudas, quedando o importe total a repartir na cantidade de 234.142,78 €.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 05/08/2022, de Intervención do 05/08/2022, e a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a Cooperativas Agrogandeiras do ano 2022, por importe total de douscentos trinta e catro mil cento corenta e dous euros con setenta e oito céntimos (234.142,78 €) con cargo á aplicación 22/410.4120.789.00 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV: IRI4A805E4ZWMA00 que se aproba no presente acto.



12.32054.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2022052240, que contén 26 facturas e por un importe de 118.987,04 € e con CSV: EC40SDSZVG785H5W, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 04/08/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|--------------|
| Importe total..... | 118.828,81 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 456,33 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 118.987,04 € |

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles

13.32055.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

14.32056.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

A continuación e con motivo do cese do Vicesecretario D. José Luis Mato Rodríguez, os membros da Xunta de Goberno agradécenlle expresamente os servizos prestados e a Presidenta faille entrega dunha insignia da Corporación Provincial.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

